Xestión de proxectos en Eclipse

Sumario


- 1 Introdución
    - ♦ 1.1 Iniciar Eclipse
- 2 Crear un proxecto
- 3 Cambiar de workspace
- 4 Organización de proxectos dentro dun workspace: Working Sets
- 5 Importar proxectos
- 6 Proxectos fóra do Workspace
- 7 Borrado de proxectos
- 8 Preferencias: workspaces

Introdución

- Antes de enfrascarse na creación de proxectos, imos ver como xestionalos en Eclipse.
- Imos ver como importalos e as opcións existentes.
- É bo botarlle unha ollada ao seguinte material, para evitarse sorpresas desagradables coa perda de proxectos.
- Como xa se indicou recoméndase a lectura do seguinte documento: **"Mi primera hora con Eclipse"**: http://ubuntulife.files.wordpress.com/2008/03/intro_eclipse_espanol.pdf

Iniciar Eclipse


- Como xa se viu na Unidade 1, imos comezar abrindo o Eclipse como se fose a primeira vez.
- Escolleremos a perspectiva de Java.
- O **Workspace** é o lugar onde Eclipse almacena por defecto os proxectos e información sobre estes nunha carpeta chamada **.metadata**, que pode traer algunha que outra complicación.

- Iniciar Eclipse
- 

Escoller se se desexa que pregunte polo directorio do **Workspace** a próxima vez que se inicie.

- 

Pechar a pantalla de benvida.


- 

Escoller a perspectiva Java.


Crear un proxecto

- Un usuario pode ter varios **Workspaces** ou outros cartafoles para organizar os seus proxectos. Así, pode ter proxectos de distintas materias ou distintas linguaxes en distintos Workspaces.
- Un proxecto pódese crear no cartafol do **workspace** ou noutra calquera. En calquera caso, almacenarase información sobre os proxectos no cartafol **.metadatos** do **Workspace** co que se estea a traballar.
- Agora imos traballar con proxectos *lixo* para estudar as distintas opcións, logo máis en diante explicarase os campos dos cadros de diálogo.
- Estes proxectos borrarémolos ao finalizar este apartado.

- Crear un proxecto lixo


- 

Creamos un novo proxecto de Android.

- 

Indicamos nome da aplicación: **Proxecto1**.


OLLO! Edición 2015: Indicar como SDK mínimo API 16.

- 


Observar que o proxecto vaise crear dentro do **Workspace**.

- 


Premer **Next**.

- 

Premer **Next**.

- 


Indicamos o nome da actividade: **Proxecto1**.

- 

Proxecto creado no IDE Eclipse.

- 

E na carpeta correspondente ao Workspace.


- 

Proxecto1 dentro da carpeta do **Workspace**.

- 

Contido do cartafol **Proxecto1**. Coincide co contido do Proxecto1 do IDE.


Cambiar de workspace

- Crear máis proxectos lixo
- 


Pechamos e abrimos Eclipse, indicamos un novo **Workspace** para outros proxectos: **workspaces2**.

- 


Ao crear un novo Workspace, e iniciar Eclipse por primeira vez, aparece a ventá de Benvida. É como comezar de cero, pero nun novo workspace.

- 


Igual que antes creamos un **Proxecto2**.
OLLO! Edición 2015: Indicar como SDK mínimo API 16.

- 


O proxecto creado no novo Workspace. Ollo non está o Proxecto1.

- 


Premendo en **File->Switch Workspace** podemos cambiar de Workspace ou ver os dispoñibles, premendo en **Other**. Neste menú é onde se pode cambiar de workspace, cando na pantalla de inicio non temos habilitada a opción de escoller.

- 


Tamén se pode pode engadir outro Workspace.

- 


Neste caso imos engadir o **workspace3**.

- 


Pechar Eclipse e volvelo abrir. Observar como agora ofrece os 3 workspaces.

- 

Escoller o **Workspace3**, será como partir de cero ...

- 


Pero como saber en que Workspace estamos?. Hai a posibilidade de indicalo na barra de título.

- 


O ficheiro **<ruta instalación de eclipse>/eclipse.ini**...

- 


... podemos editalo (A imaxe amosa como facelo en Linux. En Windows editar o ficheiro).

- 

Engadir ao principio: **-showlocation**.

- 


Pechar Eclipse e volvelo abrir. Observar a ruta do espazo de traballo na barra de título.

- 


Aquí vemos os cartafois dos tres proxectos.

Organización de proxectos dentro dun workspace: Working Sets


- Xa vimos que se poden ter diferentes workspaces para que o usuario se organice como desexe.
- Pero dentro de cada **Workspace**, Eclipse, ofrece a posibilidade de organizar os proxectos en agrupamentos chamados: **Working sets**.
- En todo momento podemos mover proxectos dun **Working set** a outro, ter un proxecto en varios **Working sets**, decidir que **Working sets** amosar/ocultar, etc.

- Crear workingsets
- 


No **workspace3** crear 2 proxectos Android: (Proxecto3 e Proxecto4) e un de Java (ProxectoJava1)
- 

O contido do Workspace3.
- 


Na **Vista de Exploración de Proxectos** premer no Menú da Vista (**View Menu**)

- 


Seleccionar **Working Set...**

- 


Crear un **Working Set** novo.

- 


Podemos crear **Working Sets** para agrupar, recursos, programas, etc. Neste caso imos escoller **Java**, pois son proxectos de Java (Android) os que imos agrupar.

- 


Poñer un nome ao agrupamento: neste caso **Java**.

- 


Seleccionar que proxectos o compoñen ...

- 


... neste caso imos pasar o **ProxectoJava1**.

- 


Crear outro agrupamento ...

- 


... neste caso co nome **Platega Android**. Nesta ocasión, a modo de exemplo, non engadimos ningún proxecto.

- 


Seleccionamos os 2 agrupamentos. Premer en OK.

- 


No Menú da Vista, imos indicar que queremos ver os proxectos organizados por Working Sets.

- 


Podemos configurar que Workings Sets queremos configuar. Marcamos todos, entre eles: **Other Projects**. Tamén podemos indicar en que **orde** desexamos ver os agrupamentos na **Vista de Exploración de Proxectos**, para iso usaremos os botóns **Up** e **Down**.

- 

No agrupamento **Other Projects** podemos ver que están os proxectos que non se asignaron ao agrupamentos creados anteriormente.

- 


Premendo en **Select Working Set** podemos editar e crear novos agrupamentos.

- 


Editamos o agrupamento de **Platega Android**.

- 


Asociamos os proxectos de Android a ese agrupamento. Observar como o ProxectoJava1, tamén se podería asignar a este **working set**, de modo que ese proxecto estaría en 2 agrupamentos.

- 


Premer en OK.

- 


Os proxectos organizados nos Working Sets. Indicar que no canto de todo o anterior poderíase ter arrastrado e soltado os proxectos dun agrupamento a outro na presente pantalla. Volver a editar a configuración ...

- 


Neste caso imos decidir que so queremos que se amosen os proxectos do agrupamento **Platega Android**.

- 

E aí o esta !!!

- 


Se queremos ver os proxectos independentemente de como estean agrupados, ... seguir o menú da imaxe.

- 


Ou velos agrupados en agrupamentos.

Importar proxectos


- Os proxectos pódense levar dun equipo a outro simplemente copiando os cartafoles no que están.
- Neste caso vanse copiar os proxectos contidos no Workspace3 a un novo cartafol chamado **probas** e logo importaranse.

- Importar proxectos
- 


Copiar os proxectos contidos en **workspace3** a un cartafol chamado **probas**

- 


Pechar Eclipse e seleccionar o Workspace **workspace**.

- 


Este xa contiña o Proxecto1. Observar como non están os agrupamentos creado no **workspace3**.

- 


Premer en **File -> Import**

- 


Indicar que é un proxecto de Android.

- 


Seleccionar o cartafol **probas** ...

- 


... e automaticamente busca os proxectos que hai na carpeta **probas** e nas súas subcarpetas (ideal para corrixir proxectos). Observar que non quere importar o proxecto de Java.

- 

Indicar que queremos que copie os proxectos do cartafol orixe ao workspace. Co cal se se modifican os proxectos, estes serán os que estean no workspace e non no cartafol **probas**.

- 

Proxectos importados ...

- 

E tamén copiados ao Workspace. Observar que proxectos están/ou non en cada cartafol. A partir de agora co cartafol **probas** pódese realizar o que se desexe.


Proxectos fóra do Workspace

- Nesta ocasión imos ver como ter proxectos fóra do Workspace. Aínda así este é necesario para conter o cartafol **.metadatos** que conten información, entre outras cousas, sobre os proxectos.
- Obviamente, tamén se poden ter outros proxectos dentro do Workspace.


- Crear proxectos fóra do WorkSpace

- 


Abrir de novo Eclipse no espazo de traballo **workspace2**.

- 

Contén no workspace o Procexto2 creado ao principio.


- 

Crear un novo proxecto de Android ...


- 

Nome **Proxecto5**.


OLLO! Edición 2015: Indicar como SDK mínimo API 16.

- 


Na ruta indicar que se desexa crear noutro cartafol fóra do workspace.

- 


Ruta para o Proxecto5 fóra do espazo de traballo.

- 


Nome da actividade Proxecto5.

- 


Comparativa entre o IDE e os 2 cartafoles: o do workspace e o que conte? o proxecto5.

- Importar proxectos fóra do Workspace
- 

Importar de novo ...

- 

Proxectos de Android ...

- 


Pero ... esta vez **non** copiar os proxectos ao espazo de traballo. O resultado será semellante ao anterior. Só que agora os cambios que se fagan nos proxectos 3 e 4 serán gardados no cartafol **probas**.

- 


Observar como se distribúen os 4 proxectos do IDE: 1 en **workspace2**, 1 no cartafol chamado '**proxectos_fora** e 2 no cartafol **probas**

Borrado de proxectos


- Os proxectos pódense borrar dende Eclipse:
  - Pódese borra só o enlace no IDE, sen borrar os ficheiros do proxecto,
  - Ou tamén o cartafol que o contén os ficheiros do proxecto.
- Tamén se poden borrar os cartafoles directamente, pero teríase no IDE un enlace a un proxecto que non existe.

- Borrar proxectos
- 


Borramos o Proxecto2.

- 


Pero non o borramos en disco.

- 


Unha advertencia ... Seguir...

- 


Vemos que o IDE non ten o Proxecto2, pero este segue no cartafol **workspace2**.

- 

Borramos o Proxecto2.

- 


Esta vez si o borramos no disco.


- 


Nin no IDE nin no cartafol **probas** está o Proxecto3.

Preferencias: workspaces


- Rematamos revisando onde se almacena a configuración relativa aos workspaces anteriores.

- Preferencias
- 


Observar os espazos de traballo dispoñibles.
- 

Premer en **Window -> Preferences**.
- 

En **General -> Startup and Shutdown -> Workspaces** podemos eliminar a referencias aos espazos de traballo que se viñan usando até agora. Tamén podemos configurar se queremos que siga preguntado/ou non, ao iniciar Eclipse, polos espazos de traballo.

- 

Deixamos só espazo de traballo **workspace**.

- 

Agora xa só hai ese espazo de traballo.

- 

Para limpar todo imos borrar os cartafoles que usamos até agora, salvo ...

- 

... **workspace**.

-- Ángel D. Fernández González e Carlos Carrión Álvarez -- (2015).